



AXUDAS PERIÓDICAS DE APOIO A MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO

RESOLUCIÓN do 5 de abril de 2016, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se regulan as bases para a concesión das axudas periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero e se procede á súa convocatoria para o ano 2016.

http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160415/AnuncioG0244-050416-0009_gl.html

OBXECTO

Proporcionar apoio económico ás mulleres que sofren violencia de xénero para tentar garantirlles unhas condicións suficientes de independencia económica respecto do agresor que lles posibilate dar o primeiro paso ou consolidar a ruptura dunha situación en que corren perigo.

SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN

As solicitudes e a documentación deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.es>).

Tamén se poderán presentar en soporte papel en calquera dos lugares e rexistros autorizados.

O prazo de presentación das solicitudes rematará o día 31 de outubro de 2016.

CONTÍA DAS AXUDAS

A contía establécese en función das rendas e ingresos da solicitante da axuda en relación co IPREM para o ano 2016, de acordo coas seguintes especificacións

- Se os ingresos da solicitante son iguais ou inferiores ao IPREM vixente, e ata un máximo de doce mensualidades:
 - Con carácter xeral: 600 € ao mes
 - Cando a vítima tivese ao seu cargo unha/un filla/o menor ou menor en acollida, ou unha discapacidade igual ou maior a un 33 %: 650 € ao mes.
 - Cando a vítima tivese ao seu cargo unha/un filla/o menor ou menor en acollida, e esta/e teña unha discapacidade igual ou maior a un 33 %: 700 € ao mes.
 - Cando a vítima tivese ao seu cargo dúas ou máis fillas/os menores ou menores en acollida: 700 € ao mes.
 - Cando a vítima tivese ao seu cargo unha/un filla/o menor ou menor en acollida, e algún deles ou a solicitante teñan unha discapacidade igual ou maior a 33 %: 800 € ao mes.
 - Cando a vítima tivese ao seu cargo unha/un filla/o menor ou menor en acollida e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade igual ou maior ao 65 % ou teñan recoñecido grao de dependencia: 800 € ao mes.



- Se os ingresos da solicitante son superiores ao IPREM vixente e iguais ou inferiores a 1,5 veces o IPREM vixente, e ata un máximo de doce mensualidades:
 - Con carácter xeral: 300 € ao mes.
 - Cando a vítima tivese ao seu cargo unha/un filla/o menor ou menor en acollida, ou unha discapacidade igual ou maior a un 33 %: 350 € ao mes.
 - Cando a vítima tivese ao seu cargo unha/un filla/o menor ou menor en acollida, e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade igual ou maior de 33 %: 400 € ao mes.
 - Cando a vítima tivese ao seu cargo dúas ou máis fillas/os menores ou menores en acollida: 400 € ao mes.
 - Cando a vítima tivese ao seu cargo dúas ou máis fillas/os menores ou menores en acollida, e algunha ou algún deles ou a solicitante teñan unha discapacidade igual ou maior a 33 %: 500 € ao mes.
 - Cando a vítima tivese ao seu cargo unha/un filla/o menor ou menor en acollida, e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade igual ou maior ao 65 % ou teñan recoñecido grao de dependencia: 500 € ao mes.

Non se considerarán a cargo as/os menores emancipadas/os con ingresos mensuais brutos superiores ao IPREM vixente, excluída a parte proporcional das pagas extraordinarias.

REQUISITOS

- Ser muller, maior de idade ou emancipada, vítima de violencia de xénero nunha relación de convivencia e de dependencia económica.
- Que cesase a convivencia co agresor no intervalo temporal que comprende os doce meses inmediatamente anteriores á data da presentación da solicitude.
- Estar empadroada e ter residencia efectiva na Comunidade Autónoma da Galicia e, no caso das mulleres estranxeiras, ter permiso de residencia.
- Carecer de dispoñibilidade de recursos económicos ou seren de contía insuficiente para afrontar unha independencia inmediata do seu agresor e/ou dispoñer dunhas rendas ou ingresos brutos mensuais iguais ou inferiores a 1,5 veces o IPREM vixente, excluída a parte proporcional das pagas extraordinarias.

A solicitante deberá reunir na data da solicitude, e manter ata que se resolva esta e durante a súa percepción, os requisitos indicados no punto anterior.

Non poderán ser beneficiarias destas axudas as mulleres que, reunindo estes requisitos, percibisen esta axuda de medidas de protección integral contra a violencia de xénero con anterioridade.

PAGAMENTO DAS AXUDAS



A contía da axuda concedida aboaráselles ás beneficiarias en pagamentos periódicos por mensualidades vencidas. O primeiro pagamento polo importe total dos atrasos que, de ser o caso, lle correspondesen segundo as mensualidades que figuren na resolución de concesión.

O pagamento farase unicamente na conta bancaria que as solicitantes fixesen constar na solicitude, debendo permanecer activa para estes efectos mentres non se teña constancia da finalización do expediente.

DOG núm. 72, 15 de abril de 2016